

Ameaza na Ría de Ferrol

Comité Cidadán de Emerxencia para a Ría de Ferrol

Boletín informativo nº 13 de 20 de xullo de 2007

**PLANTA DE GAS
FORA DA RÍA**



Manifestación

**Domingo 30 de Setembro
Ás 12 do mediodía
no Porto de Ferrol**






Na Ría de Ferrol, a empresa REGANOSA, participada por Endesa Generación (21%), Unión Fenosa (21%), Grupo Tojeiro (18%), Caixa Galicia (10%), a alxerina Sonatrach (10%), a Xunta de Galicia (10%), o Banco Pastor (5%) e Caixanova (5%) está rematando a construción dunha Planta de Gas cuxa entrada en funcionamento definitivo non está autorizada. Desde o 4 de maio ten permiso ilegal para probas durante tres meses poñendo xa en risco permanente, día e noite, a vida de miles de veciños da Ría.


Incumprimentos legais

Cunha simple análise, pódese comprobar que a Planta de REGANOSA vulnera o artigo 12 da Directiva Europea 96/82/CE en distancias ata a poboación para evitar riscos de accidentes graves por substancias perigosas. Tamén vulnera o RAMIMP (Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas) cuxo artigo 4 require en todo caso unha distancia mínima de 2.000 metros ata o núcleo de poboación agrupada mais próximo. Igualmente vulnera a norma EN-1532 segundo a cal os buques nunha emerxencia durante a descarga deben poder saír a mar aberto polos seus medios rapidamente e o lugar de descarga debe estar augas fóra da canle principal navegable. Está claro que estes requisitos non se poden cumprir coa caprichosa localización elixida dentro de Ría de Ferrol.



A Dirección Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia e a Autoridade Portuaria de Ferrol, teñen as competencias neses requisitos, pero nos anos 2001 e 2004, condicionados polo pacto secreto asinado entre Fraga e os promotores, informaron favorablemente. O organismo estatal substantivo para autorizar as plantas de gas, a Dirección General de Política Enerxética e Minas, en febreiro de 2004 autorizou a construción de REGANOSA

deixando sen resolver eses requisitos e en forma de condicionados, imposibles de cumprir con a actual localización da planta, dentro da Ría.



Ademais REGANOSA, si entra en funcionamento definitivo, provocaría un dano medio ambiental moi severo, a desaparición de máis de 500 postos de traballo no sector marisqueiro e o aborto de máis de 1000 que se poderían engadir despois do saneamento integral da Ría a partir do ano 2009, a perda de potencial turístico ata agora infrutilizado e a desvalorización de propiedades próximas.


O lugar elixido por REGANOSA, para se instalar, foi Punta Promontorio, no Concello de Mugardos, onde desde o ano 1988 existe un complexo petroquímico formado por Forestal do Atlántico, SA, IMEGASA e unha planta térmica de coxeneración eléctrica, todo propiedade do Grupo Tojeiro. O feito de escoller esta localización ten a súa razón de ser, a concesión de «Forestal do Atlántico, S.A.» termina no ano 2017, sen posibilidades de ser renovada.

Intereses mesturados

O proxecto de REGANOSA “vendeuse” en Mugardos como xerador de investimentos e de postos de traballo. Doutra banda, a Planta de Gas, encostada ao complexo

petroquímico de «Forestal do Atlántico S.A.», é un risco adicional de efecto dominó para un accidente grave. Tamén é un obstáculo moi serio para as edificacións do século XVIII, os Arsenais do interior e os Castelos do canal da Ría, cuxa solicitude para a declaración de Patrimonio da Humanidade ten o número 28 na lista final, co risco de efectos negativos de perda de potencialidade de riqueza turística e deportiva da Ría de Ferrol, moi necesitada de diversificación económica e de emprego.

Nas dúas últimas décadas do século XX, o movemento cidadán de Ferrolterra realizou actuacións en defensa da Ría, en contra dos recheos na mesma (1,7 millóns de metros cadrados desde o ano 1900 ao 2000) e para que se trasladen ao Porto Exterior de Cabo Prioriño os tráfico e instalacións de mercadorías nocivas e perigosas. En febreiro do ano 2001, por decisión da Xunta de Galicia entón presidida por Manuel Fraga, foi cesado fulminantemente o Presidente da Autoridade Portuaria porque contemplaba a Planta de Gas no proxecto do Porto Exterior, cuxa memoria argumentaba que para unha Planta de Gas en Cabo Prioriño existe un illamento que non se dá dentro de Ría.



En agosto de 1999 o Xefe de Estado Maior da Zona Marítima do Cantábrico, daquela con sede en Ferrol, enviou ao Ministro de Defensa un informe contrario á localización de REGANOSA dentro de Ría de Ferrol fronte ao Arsenal Naval e á cidade de Ferrol, alertando dos perigos para a poboación e o Arsenal militar, afirmando que REGANOSA invadiría a zona próxima de seguridade do Arsenal.

O devandito informe foi ocultado e nos anos 2001 e 2004 o Ministerio de Defensa emitiu informes favorables á construción de REGANOSA,

presuntamente falaces dicindo que REGANOSA íase a construír en terra firme e non afectaba á seguridade do Arsenal Naval Militar. En novembro de 2004, o devandito informe de agosto de 1999, enviouse ao Ministro de Defensa solicitándolle que abrise unha investigación e que revisase os informes dos seus antecesores, pero non houbo resposta.

Mobilización cidadá



En xullo de 2001 Asociacións Veciñais, Culturais e Ecoloxistas constituíron o Comité Cidadán de Emerxencia. En abril de 2004 o Comité Cidadán ampliouse á Asemblea Cidadá, integrada por unhas 60 entidades, cuxo obxectivo é o desenvolvemento sostible na Ría de Ferrol, que se compra a lexislación vixente, a avaliación de impacto ambiental, a prevención de riscos de accidentes graves por substancias perigosas (artículo 12 da Directiva Seveso II) e que a Planta de Gas se sitúe no Porto Exterior de Cabo Prioriño ou en mar aberto do Golfo Ártabro coa tecnoloxía Off-Shore.

Certos medios galegos desde o ano 2001 editan informacións «ditadas» desde unha «fonte informativa» nunha empresa de Santiago de Compostela chamada INCIS, contratada para realizar eses «traballos de imaxe» e «publicidade encuberta», con grandes artigos que normalmente asina a redacción local ou un correspondente que o xornal contratou para «tal finalidade» de «xornalismo manipulado».



Desde setembro de 2003 tal parcialidade transformouse en apoloxía para vulnerar a lei, cualificando de trabas aos contenciosos para esixir o seu cumprimento. O alcalde de Ferrol, do PP, na anterior lexislatura municipal levou a tres plenos municipais a mesma moción para que o Concello se retirase de dous contenciosos, lográndo que o Concello de Ferrol renunciase ás iniciativas contra REGANOSA con só os sete votos dos concelleiros e concelleiras do PP, coa abstención de PSOE e BNG, e o voto en contra de EU-IU e IF.

O actual Conselleiro de Industria Fernando Blanco da Xunta de Galicia, e tamén o seu Presidente, Emilio Pérez Touriño, con sospeitoso énfase aceptaron a herdanza de REGANOSA que lles deixou o goberno do PP. Seguen dicindo que para Galicia REGANOSA é estratéxica, pese a que varios operadores europeos, ningún deles é Enagas, intentan entrar no mercado de gas natural español, e algúns xa en outubro do ano 2006 presentaron no Ministerio de Industria unha solicitude de Planta de Gas a situar en Galicia, fóra da Ría de Ferrol, cun tamaño maior que o de REGANOSA, encostada a un complexo de ciclos combinados con capacidade de producir 2.400 Mw, cun prazo para o ano 2010 estar en funcionamento con vaporizadores de circuito pechado sen usar auga do mar.

Desde que o conflito de REGANOSA conseguira filtrarse a algún medio de comunicación e sobre todo pola mobilización da xente do mar, ante a entrada dos primeiros buques gaseiros, agora é máis difícil seguir enganando á poboación con pretextos de que as obras están moi avanzadas ou teñen moito custe. Para moitas persoas que o descoñecían, é agora evidente o risco e a ameaza para a poboación da Ría de Ferrol co funcionamento de REGANOSA. Tamén está

quedando ao descuberto o papel lamentable da actual Xunta de Galicia que non somentes aceptou a herdanza envelenada do anterior goberno autonómico, senón que está amosando unha implicación moi irregular presionando a administración Central e a Xustiza para maldefender o proxecto de REGANOSA, cun bipartito que foi elixido para promover os intereses xerais dos galegos e das galegas e non para seguir dando "patente de corso" a un grupo privado creado na órbita de poder económico do PP cos seus anteriores gobernos en Galicia e en

Madrid desde o ano 1997, pese a que agora parte dos socios de REGANOSA, entre eles Caixa Galicia, están a velas vir polo que poida ocorrer tralas Opas a Endesa e da aparición de operadores europeos de gas.

Galicia é excedentaria en produción de electricidade e por outra banda o uso do carbón en centrais térmicas de Galicia continuará uns 15 ou 20 anos máis mentres o protocolo de Kioto o permita, polo tanto é falso dicir que REGANOSA é estratéxica para que Galicia dispoña dunha plataforma gasista para producir electricidade. Esa falsidade estase empregando pola Xunta como pretexto e chantaxe. Ademais REGANOSA non é unha obra calquera, en realidade é unha ameaza para a vida humana na Ría de Ferrol e polo tanto nunca será tarde para que por vía administrativa ou xudicial se

paralice ese disparate antes de que se produza unha catástrofe que sería imposible de evitar polos plans de emerxencia dos que se poida dispoñer. Dos distintos contenciosos administrativos é suficiente con que un deles chegue a paralizar REGANOSA, e si entrase en funcionamento existe a posibilidade de que se poidan abrir causas penais. Esperemos que REGANOSA sexa paralizada antes de que ocorra unha traxedia.



Manifestación
Domingo 30 de Setembro

**PLANTA DE GAS
FORA DA RÍA**

**Ás 12 do mediodía
no Porto de Ferrol**

www.comiteciudadan.org

Comité Ciudadano de Emerxencia para a Ría de Ferrol

